

Mércores, 9 de xuño de 2021

Núm. 108

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SILLEDA

##### Subvencións e axudas

###### *BASES REGULADORAS DE AXUDAS A ESTABELECIMENTOS DO SECTOR HOSTALEIRO PARALIZADOS POLA CRISE DA COVID-19*

##### *ANUNCIO*

*(Expte. 742/2021)*

###### *BASES REGULADORAS DE AXUDAS A ESTABELECIMENTOS DO SECTOR HOSTALEIRO, PARALIZADOS POLA CRISE DA COVID-19*

Por acordo do Pleno da Corporación de data 27 de maio de 2021, acordouse prestar aprobación as "Bases reguladoras de axudas a establecementos do sector hostaleiro, paralizados pola crise da Covid-19", que se insire a continuación:

###### **BASES REGULADORAS DE AXUDAS A ESTABELECIMENTOS DO SECTOR HOSTALEIRO, PARALIZADOS POLA CRISE DA COVID-19**

##### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

A COVID 19 provocou unha fonda crise económica no conxunto do Estado en xeral e en particular no Concello de Silleda, cunha situación socio sanitaria sen precedentes e con notorias repercuśóns na economía e tecido empresarial, que levou a todo tipo de entidades, dentro do ámbito das súas competencias, a intentar establecer mecanismos de compensación para intentar atender ás múltiples necesidades xeradas por esta pandemia nos sectores afectados.

A hostalería é claramente un dos sectores máis afectados, tendo en conta que os establecementos do sector se viron obrigados a pechar ao público polas medidas específicas de prevención ante o avance da pandemia.

Consciente da situación, o Concello de Silleda establece mediante esta proposta unha serie de axudas económicas para paliar, en parte a perda de ingresos do sector hostaleiro, a fin de abordar do xeito máis inmediato posibles as actuacións necesarias para minorar os danos causados pola pandemia neste sector, con gran peso na economía local.

##### **1. OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

Con carácter xeral, o obxecto desta liña de axudas municipais busca paliar en parte a perda de ingresos do sector da hostalería, afectado pola crise pandémica (bares, cafeterías, restaurantes, hoteis, hostais, albergues, pubs, casas de turismo rural e discotecas).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: 9YDAGXMM6ECYKUX7



Mércores, 9 de xuño de 2021

Núm. 108

A finalidade é promover reactivar e contribuír ao mantemento da actividade económica, o emprego e a competitividade dos establecementos dos epígrafes antes citados para que poidan fazer fronte ás consecuencias da pandemia producida pola COVID 19, e que ser viron obligadas a pechar polas medidas establecidas no Decreto 8/2011, do 26 de xaneiro, da Consellería da Presidencia da Xunta e da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade e as súas posteriores modificacións.

## 2. NATURALEZA E RÉXIME DAS AXUDAS

Estas axudas teñen a natureza de subvención de acordo co recollido no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Dado o obxecto e finalidade das mesmas, o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, para todas aquelas persoas físicas (titulares de establecementos) ou xurídicas que cumpran as condicións e requisitos establecidos nestas bases.

A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia , transparencia, obxectividade e igualdade, así como na eficacia do cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e uso dos recursos públicos.

De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra.

## 3. BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica do sector da hostalería (bares, cafeterías, restaurantes, hoteis, hostais, albergues, pubs, casas de turismo rural e discotecas). Para poder formalizar a solicitude das axudas reguladas nas presentes bases deben cumplir os seguintes requisitos:

3.1 Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social no momento de presentación da instancia.

3.2 Autónomos e PEMES do sector hostaleiro con ata 10 persoas empregadas.

3.3 Que o domicilio fiscal, e no seu caso o local de desenvolvemento da actividade, se atope no termo municipal de Silleda.

3.4 Estar afectados polo peche temporal de actividade establecido na Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID 19 na Comunidade Autónoma de Galicia , e as súas posteriores modificacións de dita orde así como as que se poidan dictar ata o remate do prazo de presentación de solicitudes ao abeiro das presentes bases.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:9YDAGXMM6ECYKUX7



Mércores, 9 de xuño de 2021

Núm. 108

3.5 Así mesmo, as persoas ou entidades solicitantes deberán de ser titulares da actividade económica con anterioridade á citada resolución autonómica, estando a actividade en funcionamento no momento da entrada en vigor da citada orde de peche do día 26 de xaneiro (agás no caso dos locais de ocio nocturno que ata a data non contan ca pertinente autorización para a reapertura).

3.6 Dada a natureza extraordinaria, tanto das actuacións subvencionables destas bases reguladoras como da situación de emergencia sanitaria da que derivan e que provocou que a meirande parte de persoas autónomas e empresas solicitaran aprazamento das súas obrigas tributarias, fronte a Seguridade Social ou á CCAA ou mesmo non poidan afrontar transitoriamente a súa satisfacción puntual, de acordo co establecido no artigo 10.2 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia se exime ás persoas beneficiarias desta subvención do requisito de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, e á Administración Pública da Comunidade Autónoma e o Concello, no momento da concesión da axuda, sempre que se dea a seguinte circunstancia (que deberá de acreditarse a través da declaración responsable que figura no Anexo I da presente convocatoria)

Que a persoa beneficiaria se comprometa a poñerse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, a Administración Pública da Comunidade Autónoma e o Concello, unha vez aboada a axuda outorgada en aplicación das presentes bases.

3.7. Non ser debedor do Concello de Silleda no marco das axudas do programa Silleda Reactiva, de axudas destinadas a paliar as consecuencias derivadas da crise económica provocada pola COVID-19 no ano 2020.

#### 4. CONTÍA DAS AXUDAS E FINANCIAMENTO

As axudas satisfaranse nun pago único de 1.200 euros por cada persoa/entidade solicitante que cumpla os requisitos relacionados anteriormente. Esta liña de subvencións realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 439-479 por importe de 86.000, dos que 61.000 corresponden á aportación municipal e 25.000 á aportación da Deputación de Pontevedra.

En caso de non ser suficiente este importe para satisfacer todas as solicitudes, poderá incrementarse o mesmo nun máximo de 14.000 euros adicionais de acordo co artigo 58 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Esta ampliación non requirirá dunha nova convocatoria e estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

#### 5. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

Estas axudas serán compatibles con calquera outra outorgada polas distintas Administracións Públicas con competencia neste eido.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: 9YDAGXMM6ECYKUX7



Mércores, 9 de xuño de 2021

Núm. 108

## 6. OBRIGAS DAS PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS

Ademais de cumplir os requisitos especificados no punto 3 destas bases, as persoas ou entidades beneficiarias teñen a obriga de:

-Manter a actividade económica durante alomenos 2 meses contados a partir da concesión da axuda regulada nesta convocatoria.

-Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstos pola normativa vixente en materia de subvencións.

-Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impidiron, ou mostrar resistencia, escusa obstrucción ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

## 7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes dirixiranse ó Alcalde do Concello e presentaranse exclusivamente no rexistro electrónico do Concello de Silleda, de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en impresu normalizado de solicitude que estará dispoñible na sede electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal> e na páxina web do concello, [www.silleda.gal](http://www.silleda.gal). Os modelos normalizados se aprobarán coa convocatoria co contido establecido nestas bases. Serán rexeitadas as solicitudes que non se presenten en ditos modelos.

*CALQUERA SOLICITUDE PRESENTADA SEGUINDO UN PROCEDEMENTO DISTINTO AO AQUÍ DESCRITO SERÁ INADMITIDA.*

O procedemento entenderase iniciado de oficio no momento no que polo órgano competente, que neste caso, e de acordo co artigo 21.1, é o Alcalde do Concello, e por delegación a Xunta de Goberno Local, se aprobe a convocatoria da presente subvención.

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP de Pontevedra.

Xunto ca solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

### A) Documentación Xeral:

- NIF/CIF/NIE, polas dúas caras, da persoa física ou xurídica titular da actividade
- Alta como autónomo na Seguridade Social (RETA)
- Certificación de IAE
- Certificado titularidade da conta bancaria

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: 9YDAGXMM6ECYKUX7



Mércores, 9 de xuño de 2021

Núm. 108

**B) Declaración responsable.** Estará recollida no ANEXO I e conterá os seguintes apartados:

1. Que coñece e acepta integralmente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.
2. Que perante a Seguridade Social figura dado/a de alta como autónomo/a en calquera dos epígrafes das actividades que recollen estas bases.
3. Que dende a entrada en vigor da Orde da Consellería de Sanidade do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID 19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 16-Bis) procedeu ao peche temporal da súa actividade habitual do negocio do que é titular e/ou cotitular.
4. Que a súa actividade se desenvolve dentro do municipal de Silleda.
5. Que solicita a concesión directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nestas bases.
6. Que manterá o establecemento aberto por un mínimo de 2 meses dende a recepción desta axuda.
7. Que comunicará de forma oficial ao Concello calquera modificación nos apartados anteriores.
8. Que se compromete a poñerse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, a Administración pública da Comunidade Autónoma e o Concello de Silleda unha vez lle sexa aboada a axuda concedida en aplicación das presentes bases.

**9. PROCEDIMENTO E INSTRUCCIÓN**

O Concello de Silleda tratará de resolver as solicitudes presentadas á maior brevidade posible. A concesión da subvención regulada nesta convocatoria realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS.

A instrucción do procedemento dependerá directamente da Alcaldía, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Nomearase unha Comisión de Valoración formada por persoal técnico do Concello de Silleda a efectos de que emita informe sobre a avaliación das solicitudes presentadas, segundo esixe o artigo 22.1 da Lei Xeral de Subvencións.

A concesión das subvencións efectuarase en réxime de concorrencia competitiva establecéndose como criterio de valoración a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida nesta convocatoria.

En caso de non presentar a solicitude ca documentación completa, considerarase como data de Rregistro de Entrada a da última presentación de documentación relativa á devandita solicitude.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: 9YDAGXMM6ECYKUX7



Mércores, 9 de xuño de 2021

Núm. 108

O tempo máximo para resolver será de 2 meses dende a recepción da solicitude.

A comisión de valoración comprobará por orde cronolóxica a presentación das solicitudes recibidas. Aquelas que cumpran os requisitos establecidos serán propostas para a súa resolución favorable.

A proposta será remitida ao departamento de Intervención para a súa correspondente fiscalización, que se realizará de acordo co establecido nos apartados 18.1A e 18.1.B da Resolución do 2 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se aplica o Acordo do Consello de Ministros de 30 de maio de 2008, polo que se dá aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos. O control sobre o cumprimento de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social se realizará sobre a declaración responsable.

No caso de que sexa preciso a ampliación orzamentaria recollida no artigo 4 destas bases, formularase unha proposta complementaria cas solicitudes que rexinistren con posterioridade a esta convocatoria.

#### 10-ENMENDA DAS SOLICITUDES

A unidade tramitadora comprobará se a documentación presentada reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá a persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará a persoa ou entidade interesada desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita Lei.

Dito requerimiento realizarase telemáticamente, e mediante envío ao correo electrónico indicado para esos efectos nos anexos de solicitude de subvención, o interesado/a recibirá aviso de ter unha notificación á súa disposición na sede electrónica do Concello de Silleda.

#### 11-RESOLUCIÓN

O expediente completo, co informe de Intervención, pasarase á Xunta de Goberno Local, que resolverá o expediente de concesión de subvencións. A resolución deberá conter os seguintes extremos:

- Relación de solicitantes que resulten beneficiarios.
- Desestimación do resto das solicitudes, coa motivación correspondente.

A resolución definitiva publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web e na BDNS entendéndose que os interesados aceptan a subvención en caso de non manifestar nada en contra no prazo de dez días. O prazo máximo para resolver será de seis meses desde a publicación da convocatoria. O vencemento deste prazo sen terse notificado resolución lexítima ós interesados para entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: 9YDAGXMM6ECYKUX7



Mércores, 9 de xuño de 2021

Núm. 108

**12-XUSTIFICACIÓN DA AXUDA E ABOAMENTO.**

De acordo co artigo 30 da Lei 38/2003 , de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación do perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación de dita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controles que poidan establecerse para verificar a súa existencia.

**12-REINTEGRO DA SUBVENCIÓN**

O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerase polo disposto no título II da LGS e polo título III do RLGS.

Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión recollidas no artigo 36 da LGS, darán lugar á obriga de reintegrar total, ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia do interese de demora correspondente dende a data de pago da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Se a persoa beneficiaria incumpe a obriga de manter a actividade económica durante os 2 meses establecidos no punto 6 desta convocatoria.

Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención, a persoa ou entidade beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor por Rregistro de Entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida.

**13-PROTECCIÓN DE DATOS**

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigación legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: 9YDAGXMM6ECYKUX7



Mércores, 9 de xuño de 2021

Núm. 108

Pode retirar o consentimento en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico info@silleda.gal.

Infórmaselle do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid ([www.agpd.es](http://www.agpd.es))

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos mesmos en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do derecho ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propria imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables na materia de subvencións.

O que se fai público para xeral coñecemento, advertíndose que contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o presente acordo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade co establecido nos artigos 112, 123 e 124 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación deste acuerdo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, de conformidade co establecido no artigo 10.1 b), en concordancia co artigo 46.1 da Lei reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitarse, no seu caso, calquera outro recurso que se estime pertinente.

Silleda, na data da sinatura electrónica

O Alcalde-Presidente

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal/9YDAGXMM6ECYKUX7>

